

## PROCESO DE SELECCIÓN GRUPO OPERATIVO: PROBA TIPO TEST

### 1.- Non é tarefa do encargado/a, segundo o convenio colectivo de TUSSA:

- a) Revisar diariamente a cinta e os tickets cobrados durante o día
- b) Atender e informar aos clientes sobre peticións, reclamacións, suxestións
- c) O control da caixa
- d) Recollida, valoración e cobro de tickets

### 2.- ¿Cal das seguintes categorías non é unha categoría segundo o convenio colectivo de TUSSA?:

- a) Inspector/a
- b) Controlador/a
- c) Axente de ORA
- d) Axente de estación

### 3.- ¿Cal das categorías indicadas non pertence ao grupo operativo segundo o convenio colectivo de TUSSA?:

- a) Técnico/a
- b) Encargado/a
- c) Axente de aparcadoiro
- d) Gruísta

### 4.- ¿Cal destas funcións non corresponde ao axente de aparcadoiro segundo o convenio colectivo de TUSSA?

- a) A verificación e o control de caixa
- b) A atención aos clientes e clientas do establecemento que pidan información
- c) Custodia e ingreso das recadacións
- d) Verificar que o vehículo está ou non en posesión do título que lle permite estacionar.

**5.- Cal dos seguintes supostos non ten cualificación de falta leve segundo o convenio colectivo de TUSSA?**

- a) Pequenos descoidos na conservación do material, o seu mantemento ou a súa limpeza.
- b) Non prestar a debida atención ao traballo encomendado.
- c) Discusións sobre asuntos alleos ao traballo durante a xornada laboral.
- d) Ata tres fichaxes realizados fóra do seu centro de traballo ou lugar de inicio do servizo a computar de 30 días

**6.- Considérase falta grave, segundo o convenio colectivo de TUSSA:**

- a) Ata tres fichaxes realizados fóra do seu centro de traballo ou lugar de inicio do servizo a computar de 30 días.
- b) A anulación de denuncias sen causa xustificada evidente.
- c) O abuso de autoridade
- d) A desobediencia continua e persistente

**7.- Considérase falta moi grave, segundo o convenio colectivo de TUSSA:**

- a) Durmir en horas de traballo
- b) A embriaguez esporádica ou toxicomanía que repercuta negativamente no traballo
- c) Revelar plans de organización do traballo a persoa ou persoas alleas á empresa, subtraer documentos e formularios ou copialos sen autorización da empresa
- d) Non prestar a debida atención ao traballo encomendado

**8.- ¿Que porcentaxe do salario base se paga por nocturnidade?**

- a) 20 %
- b) 25 %
- c) 30 %
- d) 35 %

**9.- ¿Cal é o bloque mínimo de disfrute de vacacións?**

- a) 7 días
- b) 10 días
- c) 15 días
- d) 20 días

**10.- ¿Canto tempo máximo ten a Comisión Paritaria para a resolución de discrepancias referidas á inaplicación ou interpretación do convenio, tras a finalización do período de consultas?**

- a) 5 días hábiles
- b) 7 días hábiles
- c) 10 días hábiles
- d) 15 días hábiles

**11.-¿Que descanso corresponde en xornada continuada?**

- a) 20 minutos retribuídos
- b) 30 minutos retribuídos
- c) 45 minutos retribuídos
- d) 15 minutos retribuídos

**12.- ¿Que antigüidade mínima se esixe para unha excedencia voluntaria?**

- a) 6 meses
- b) 1 ano
- c) 2 anos
- d) 3 anos

**13.- Nun aparcadoiro con 950 prazas que está ao 80 % de ocupación, ¿cantas prazas hai libres?**

- a) 250
- b) 200
- c) 760
- d) 190

**14.- O encargado dun aparcadoiro decide que, cando menos, o 24 % das prazas totais do mesmo non poden ocuparse para que os abonados teñan onde estacionar. ¿Cantas prazas terá dispoñibles para ocupar por non abonados segundo este cálculo un aparcadoiro de 750 prazas?**

- a) 575 prazas
- b) 570 prazas
- c) 180 prazas
- d) 190 prazas

**15.- Un aparcadoiro de 1.050 prazas ten ocupadas 714 delas. ¿Que porcentaxe de prazas lle quedan libres?**

- a) 24 %
- b) 68 %
- c) 32 %
- d) 78 %

**16.- Nun aparcadoiro con 1.450 prazas, que está ao 38% de ocupación, cantas prazas hai ocupadas?**

- a) 900
- b) 899
- c) 551
- d) 555

**17.- Un aparcadoiro de 1.700 prazas ten ocupadas 1.445. Que porcentaxe de prazas están ocupadas?**

- a) 85%
- b) 86%
- c) 87%
- d) 88%

**18.- O importe dun tícket é de 7,68 € (IVE incluído). Canto é o importe sen IVE, redondeando a 2 decimais, tendo en conta que o IVE dos aparcadoiros é dun 21%?**

- a) 6,33
- b) 6,34
- c) 6,35
- d) 6,36

**19.- O importe dun tícket é de 19,25 € (IVE incluído). Canto é o importe sen IVE, redondeando a 2 decimais, tendo en conta que o IVE dos aparcadoiros é dun 21%?**

- a) 15,88
- b) 15,89
- c) 15,90
- d) 15,91

**20.- Se a tarifa media dun día no aparcadoiro foi de 2,45 € e a recadación foi de 377,30 € no total do día, ¿cantos vehículos estacionaron ese día no aparcadoiro?**

- a) 165 vehículos
- b) 154 vehículos
- c) 157 vehículos
- d) 147 vehículos

**21.- ¿Onde se atopan as oficinas de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela?**

- a) Rúa Presidente Salvador Allende
- b) Rúa Isaac Díaz Pardo
- c) Pazo de Raxoi
- d) Campo de San Lázaro

**22.- ¿Onde se atopan as oficinas de atención ao contribuínte do Concello de Santiago de Compostela?**

- a) Rúa das Galeras
- b) Praza do Obradoiro
- c) Rúa Presidente Salvador Allende
- d) Pazo de Raxoi

**23.- ¿Onde se atopan as oficinas do departamento de deportes do Concello de Santiago de Compostela?**

- a) Galeras
- b) Estadio de San Lázaro
- c) Estadio de As Cancelas
- d) Rúa Nova

**24.- ¿Onde se atopan as oficinas do departamento de tráfico do Concello de Santiago de Compostela?**

- a) Praza de Cervantes
- b) Galeras
- c) Pazo de Raxoi.
- d) Rúa Nova

**25.- O edificio do Auditorio de Galicia é obra de:**

- a) Cano Lasso
- b) Álvaro Siza
- c) Alberto Noguero
- d) Norman Foster

**26.- ¿En que rúa se atopa a Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago?**

- a) Rúas das Casas Reais
- b) Praza de Salvador Parga
- c) Algalia de Abaixo
- d) Algalia de Arriba

**27.- ¿En que rúa se atopa o Pazo de Ramirás?**

- a) Rúa do Vilar
- b) Rúa Nova
- c) Rúa da Caldeirería
- d) Praza do Toural

**28.- ¿En que rúa se atopa a Casa do Deán?**

- a) Rúa do Vilar
- b) Rúa da Conga
- c) Rúa do Preguntoiro
- d) Rúa da Trindade

**29.- ¿Onde se atopa a biblioteca xeral da universidade?**

- a) Na avenida de Xoán XXII
- b) Na rúa do Franco
- c) Na rúa dos Feáns
- d) Na praza de Mazarelos

**30.- ¿Onde se atopa a sede do Campus Stellae?**

- a) Na Casa da Conga
- b) No Pazo de Fonseca
- c) Na Casa da Parra
- d) No Pazo de Bendaña

**31.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, cal das seguintes opcións sobre áreas reservadas ou reservas é correcta?**

- a) Reservas para centros oficiais e consulados
- b) Reservas para persoas con mobilidade reducida
- c) Reservas para obras e estadas
- d) Todas as anteriores son correctas

**32.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, as zonas de regulación de aparcamento divídense en diversos réximes:**

- a) Réxime ordinario e réxime de residentes
- b) Réxime de longa duración e de curta duración
- c) Réxime ordinario e réximes excepcionais
- d) Réxime ordinario, réxime excepcional e réxime de reserva

**33.- Segundo recolle a ordenanza do servizo ORA, sinale a resposta correcta:**

- a) réxime ordinario distingue zona de curta duración e xeral
- b) O réxime ordinario distingue zona xeral dividida en sectores e de longa duración
- c) O réxime ordinario regula o aparcamento de residentes, curta duración e xeral
- d) O réxime ordinario regula unha zona de curta duración, unha zona xeral, dividida en sectores e unha zona longa duración

**34.- Segundo recolle a ordenanza do servizo ORA, sinale a resposta correcta:**

- a) En curta duración o tempo máximo de estacionamento é de 50 minutos
- b) En curta duración o tempo máximo de estacionamento é de 120 minutos
- c) En curta duración o tempo máximo de estacionamento é de 70 minutos
- d) En curta duración o tempo máximo de estacionamento é de 60 minutos

**35.- Cal das seguintes afirmacións sobre o estacionamento na zona de longa duración é correcta?**

- a) Nas zonas de longa duración non é preciso o aboamento de ningunha tarifa.
- b) Nas zonas de longa duración, previo pagamento das tarifas establecidas, poderán estacionar por un tempo máximo de 240 minutos.
- c) Nas zonas de longa duración so poden estacionar residentes por domicilio.
- d) As zonas de longa duración están divididas en sectores.

**36.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, sinal cales das seguintes opcións non é correcta:**

- a) Existen residentes por domicilio e residentes por traballo ou actividade profesional.
- b) Os residentes clasifícanse por domicilio en zona ORA ou residentes en zona verde.
- c) Os residentes por domicilio en zona ORA poden estacionar nas rúas contidas no seu sector de residencia por un tempo máximo de 240 minutos.
- d) Os residentes por traballo poden estacionar en zona verde previo pago da tarifa que para o efecto se establecerá na ordenanza fiscal correspondente, por un tempo máximo de 240 minutos.

**37.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, que documentación non é precisa para a solicitude do distintivo de residentes por municipio?**

- a) Solicitude en impreso oficial presentada no Rexistro Xeral do Concello.
- b) Fotocopia do DNI ou para estranxeiros tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade do solicitante.
- c) Fotocopia do último recibo pagado do seguro.
- d) Permiso de circulación no que o solicitante figure como titular do vehículo xunto coa fotocopia do carné de conducir do titular.

**38.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, cal é o número de distintivos de residente?**

- a) Un distintivo por persoa válido para calquera vehículo.
- b) Un distintivo por domicilio unicamente.
- c) Dous distintivos por cada domicilio.
- d) Poderá concederse un segundo e terceiro distintivo de aparcamento de residente para un mesmo domicilio ou mesmo titular, cumprindo co establecido na ordenanza, non podendo exceder os tres.

**39.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, cales son autorizacións de aparcamento?**

- a) ticket expedido nos parquímetros.
- b) Os distintivos de aparcamento de réximes excepcionais.
- c) Dispositivos electrónicos autorizados.
- d) Todas as anteriores son correctas.

**40.- Dos seguintes supostos, sinala cal non é correcto:**

- a) Os parquímetros, previo abono da tarifa que corresponda, emiten un título habilitante.
- b) O ticket (título habilitante) emitido polo parquímetro deberá situarse na parte exterior do vehículo á altura do cadro de mandos de forma que sexa visible.
- c) O ticket reflicte, entre outros datos, a hora límite de estacionamento.
- d) Os distintivos de aparcamento de réximes excepcionais son autorizacións de aparcamento.

**41.- Dos seguintes supostos, sinala cal non é correcto:**

- a) As zonas xeral, longa e Algalia de Abaixo teñen o seguinte horario: de luns a venres de 10 a 14 horas e de 16.30 a 20.30 h. Sábados de 10 a 14 horas.
- b) A zona curta duración, agás Algalia de Abaixo, ten o seguinte horario: de luns a venres de 8 a 14 horas e de 16.30 a 20.30 horas. Sábados de 10 a 14 horas.
- c) O servizo estará en actividade unicamente os días laborables.
- d) Existen dous servizos diferenciados, de mañá (ata as 14 horas) e de tarde (dende as 16.30).

**42.- Dos seguintes supostos, sinala cal non é correcto:**

- a) control dentro do ámbito territorial de aplicación do sistema de regulación do aparcamento está encomendada aos/ás controladores/as da ORA.
- b) Os/as controladores/as das zonas de estacionamento regulado (ORA) están obrigados a denunciar as infraccións referidas á normativa específica que regula as ditas zonas.
- c) As denuncias formuladas por este persoal tramitaranse como denuncias voluntarias conforme os requisitos e procedementos previstos no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria e no Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico.
- d) Na tramitación das mencionadas denuncias voluntarias non se identificará ao controlador/a e como domicilio constará o da empresa adxudicataria.

**43.- Cal dos seguintes datos non é preciso que estea reflectido nos distintivos dos vehículos acollidos aos réximes excepcionais?**

- a) Período de vixencia
- b) Limitación horaria, de ser o caso
- c) Limitación zonal, no seu caso
- d) Data de emisión do título habilitante.

**44.- ¿As prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida están sometidas a tarifa?**

- a) Si, en todos os casos
- b) Depende da área onde estacione
- c) Non, en ningún caso
- d) Sempre que estacionen en zona de curta duración

**45.- Cal das seguintes rúas non pertence á zona xeral sector 1?**

- a) A Rosa
- b) Gómez Ulla
- c) Laverde Ruíz
- d) Ramón Cabanillas

**46.- Cal das seguintes rúas non pertence á zona xeral sector 2?**

- a) Domingo García Sabell
- b) Bernardo Barreiro
- c) Domingo Fontán
- d) Eduardo Pondal

**47.- Cal das seguintes rúas non pertence á zona xeral sector 3?**

- a) Xasmíns
- b) San Roque
- c) Santa Clara
- d) Valle Inclán

**48.- Cal destas rúas/prazas non pertencen á zona de curta duración?**

- a) Travesía da Universidade
- b) Algalia de Arriba
- c) Praza de Fonte Seca
- d) Praza Entrepraciñas

**49.- Cal destas rúas non pertence á zona de longa duración?**

- a) Avenida da Coruña
- b) Seminario de Estudos Galegos
- c) Avenida de Mestre Mateo
- d) Avenida de Luis Legaz Lacambra

**50.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, cal das seguintes afirmacións en relación ás paradas de bus e taxi é correcta?**

- a) As reservas habilitadas como paradas de bus e taxi serán as que se encontren convenientemente sinalizadas na vía pública, e para uso exclusivo de autobuses e taxis destinados ao servizo público de transporte de pasaxeiros.
- b) Estas reservas son de horario permanente e non están sometidas a limitación horaria.
- c) O uso destas reservas non se encontra sometido a tarifa.
- d) Todas as anteriores son correctas.

**R1.- Das seguintes opcións, sinal cal non é unha actividade diferenciada segundo a ordenanza do servizo ORA:**

- a) Vehículos oficiais das forzas e corpos de seguridade: están exentos das disposicións desta ordenanza os vehículos oficiais dos corpos de seguridade que estean exteriormente identificados, cando se encontren prestando servizo.
- b) Taxis: están exentos das disposicións desta ordenanza os vehículos auto-taxi, cando o condutor se encuentre presente e prestando o seu servizo.
- c) Transporte de mercancías: están exentos desta ordenanza durante o horario de carga e descarga.
- d) Ambulancias: están exentos das disposicións da presente ordenanza as ambulancias que pertencen a institucións sanitarias cando estean prestando servizo. Os referidos vehículos deberán estar convenientemente identificados no seu exterior, e o condutor deberá estar presente.

**R2.- Segundo a ordenanza do servizo ORA, cal das seguintes afirmacións non é correcta?**

- a) Concello de Santiago poderá efectuar de oficio, cantas comprobacións estime oportunas antes de emitir as tarxetas contempladas na presente ordenanza, ao obxecto de verificar o cumprimento das condicións e requisitos esixidos nesta.
- b) Ademais da documentación a que se refire esta ordenanza, e as comprobacións que no seu caso se fagan, o Concello de Santiago poderá esixir ao interesado que aporte cantos documentos considere necesarios para acreditar calquera extremo que non apareza debidamente xustificado.
- c) O uso indebido e reiterado da tarxeta ou distintivo, (vehículo non autorizado, fóra de zona ou horario, ...) faculta ao Concello de Santiago de Compostela á retirada da mesma e a denegar a renovación durante un período de tempo máximo de ata seis anos, ademais das sancións que, no seu caso, puideran impoñerse.
- d) Todos os titulares das tarxetas ou distintivos outorgados polo Concello estarán obrigados a comunicar ao concello de Santiago, no prazo de quince días, calquera modificación que atinxe á titularidade dos vehículos, residencia do propietario e demais datos e circunstancias tidas en conta na concesión daquelas. Se non o fixera, o concello de Santiago estará facultado para retirar a tarxeta e denegar a renovación durante un período máximo de ata tres anos, ademais das sancións que, no seu caso, puidesen impoñerse.

**R3.- ¿En que rúa se atopa a Casa – Pazo de Vaamonde?**

- a) Rúa do Vilar
- b) Rúa da Altamira
- c) Rúa Nova
- d) Rúa dos Xasmíns

**R4.- ¿En que rúa se atopa a Casa – Pazo de los Fonseca?**

- a) Na rúa de Altamira
- b) Na rúa Tras Salomé
- c) Na rúa do Franco
- d) Na praza de Rodrigo de Padrón

**R5.-¿Duración máxima da excedencia voluntaria?**

- a) 3 anos
- b) 4 anos
- c) 5 anos
- d) 6 anos